



Luís Pérez Barral, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal en relación **ás molestias ocasionadas por malos cheiros persistentes en diferentes puntos de Artes para a súa solución.**

Exposición de motivos

Desde hai anos os veciños e veciñas de Artes levan aturando problemas cos malos cheiros que se rexistran durante determinadas épocas do ano, sen que o Goberno do Concello lle dera unha solución.

Así pois no entorno do Polígono Industrial de Xarás ou no lugar de Outeiro, entre outros, son lugares nos que adoita haber malos cheiros.

Cabe recordarmos que o Concello de Ribeira ten a competencia de mellorar a rede de sumidoiros así como tamén controlar os posíbeis vertidos e emisións que producen empresas que operan no municipio, alén de que existe unha lexislación de obrigado cumprimento en dita materia coa que podería rematar con este grave problema ambiental.

Dicir que o Concello non pode ser alleo xa que, en anos anteriores o BNG ten rexistrado iniciativas semellantes en relación a este problema.

No BNG sabemos da complexidade do problema e das dificultades que carrega a súa solución, mais isto non é razón para non abordalo seriamente e non para mirar a outro lado.

Pensamos que as causas dos cheiros poden ser diversas e polo tanto tamén o serán as solucións: malas prácticas empresariais que deben ser corrixidas no marco legal vixente, verteduras ilegais que deben ser suprimidas e/ou mesmo defectos estruturais ou de funcionamento da actual rede de sumidoiros que, no seu caso, requirirán medidas correctoras puntuais.

O Goberno Municipal, no cumprimento das súas responsabilidades e obrigas debe actuar con firmeza e decisión para poñer fin a esta situación que tantas molestias lle provoca á cidadanía e mesmo á imaxe desta cidade.

Por todo o anteriormente exposto, pedimos a aprobación dos seguintes

Acordos

- 1. O Goberno Municipal levará a cabo as actuacións precisas para localizar a orixe exacta dos cheiros ocasionados na zona de Xarás, Outeiro (Artes) e arredores.**
- 2. Revisará o funcionamento da rede de sumidoiros de Artes, e acometa as actuacións precisas se se detectan problemas de cheiros e filtracións.**
- 4. De detectar verquidos propondrá aos causantes as medidas correctoras pertinentes para a supresión ou minimización das molestias ocasionadas nos seus contornos.**

Luís Pérez Barral

Ribeira, novembro 2013